

RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO DA CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA, POLA QUE SE ACORDA A INCOACIÓN DO PROCEDIMENTO PARA A DECLARACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA COMO HERDEIRA *AB INTESTATO* DE D. JUAN JOSÉ MENAYA CANCELA.

Don Juan José Menaya Cancela, con DNI: 32.689.304W, nado en Fene (A Coruña) o 19 de febreiro de 1920, faleceu o 2 de febreiro de 2003, con derradeiro domicilio, segundo o padrón municipal de habitantes, na rúa Casimiro Gómez, nº9, da cidade de Pontevedra, datos que figuran comprobados, xunto co da súa veciñanza civil galega, no informe preliminar do 29 de febreiro de 2019 do Servizo de Protección e Defensa Patrimonial da Subdirección Xeral do Patrimonio, emitido logo da realización das actuacións previas precisas que levaron a considerar procedente a apertura de procedemento administrativo para a declaración da Comunidade Autónoma de Galicia como herdeira *ab intestato* do causante, pola presunta ausencia doutros herdeiros con dereito a suceder preferente ó da Administración autonómica, de conformidade co disposto na Lei 2/2006, de dereito civil de Galicia.

Por resolución do 31 de maio de 2019 da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio (publicada no DOG nº118 do 24.06.2019 e BOE Suplemento de Notificacións nº153 do 27.06.2019), acordouse a incoación do procedemento para a declaración da Comunidade Autónoma de Galicia como herdeira do causante, con código de expediente ABI/2003/0017.

Por resolución do 21 de xullo de 2020 da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio (publicada no DOG nº158 do 07.08.2020 e BOE Suplemento de Notificacións nº216 do 11.08.2020), acordouse a caducidade do procedemento por terse excedido o prazo para a súa resolución, sen prexuízo de iniciar novo procedemento incorporando a este os actos e trámites que polo seu contido se manterían igual de non se ter producido a caducidade.

Segundo o anterior, en exercicio das competencias atribuídas á Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio nos artigos 4 da Lei 5/2011, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, 4 e 7 do Decreto 30/2017, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda, e de acordo co artigo 20 bis da Lei 33/2003, de patrimonio das Administracións públicas,

ACORDO:

1º.- Incoar novo procedemento para a declaración da Comunidade Autónoma de Galicia como herdeira *ab intestato* de don Juan José Menaya Cancela, incorporando a este os actos e trámites que se poidan conservar do expediente ABI/2003/0017.

2º.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial do Estado, no Diario Oficial de Galicia e na páxina web da Consellería de Facenda e Administración Pública, Área Temática de Patrimonio, Anuncios, que se pode consultar na seguinte ligazón: <http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/anuncios>

Unha copia desta resolución será remitida para a súa exposición pública, por prazo non inferior a un mes, no taboleiro de anuncios dos concello de Fene e Pontevedra, así como no de calquera outro no que durante a instrución do procedemento se detecten bens da persoa causante.

O prazo máximo ordinario para a resolución deste procedemento é dun ano a contar desde a data de adopción deste acordo.

Con anterioridade á resolución do procedemento, calquera interesado poderá presentar alegacións ou aportar documentos ou outros elementos de xuízo que considere oportunos, que se dirixirán á Consellería de





Facenda e Administración Pública, Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, Subdirección Xeral do Patrimonio, Código expediente ABI/2003/0017-R, Edificio Administrativo San Caetano - Bloque nº3, CP 15781 - Santiago de Compostela.

Contra esta resolución non se poderá interpoñer recurso, conforme o establecido no artigo 112 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, sen prexuízo de que as alegacións de oposición a este acto de trámite sexan consideradas na resolución que poña fin a este procedemento, contra a que se poderá presentar en tempo e forma o correspondente recurso.

Santiago de Compostela, *á data da sinatura electrónica*.

A secretaria xeral técnica e do Patrimonio

M^a Socorro Martín Hierro.

